

C.C./Sof.

**A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte
RESOLUCIÓN**

Dada conta da proposta efectuada polo Secretario, con data 6 de setembro de 2023, en relación coa designación de Secretarías/os delegadas/os das Comisións Informativas.

Considerando que as funcións das Comisións Informativas, órganos sen atribucións decisorias, son de estudo, informe e consulta dos asuntos que deberán de ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas por aquel (art. 123.1 do RD 2568/86, de 28 de novembro).

Considerando que a función de fe pública atribuída ao titular da Secretaría predícase exclusivamente dos órganos colexiados que adopten acordos que vinculen á Corporación pero non de outros órganos administrativos que carezan de atribucións resolutorias e non vinculantes (art. 2 a) e d) do RD 128/2018, de 16 de marzo).

Visto o disposto nos arts. 34.1,h) da Lei 7/85, de 2 de abril e 61.12 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

RESOLVO,

1. Nomear Secretarías/os delegadas/os das distintas Comisións Informativas ás/os funcionarias/os seguintes:

Transparencia, Réxime Interior e Facenda	JOSÉ ANTONIO GULÍAS VARELA
Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais	MARINA PIÑEIRO NOVO
Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente	MARCOS AREÁN GONZÁLEZ
Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico	ANA ISABEL AMOEDO GARRIDO
Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital	LUIS FEIJOO GARCÍA
Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico	BEGOÑA FERNÁNDEZ LORENZO
Deportes, Xuventude e Vida Saudable	ANTONIO SANTOS GUERRA
Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade	ANDRÉS FERNÁNDEZ LUCAS
Promoción Económica, Impulso e Formación para o Emprego	MANUEL CORUJO CASTRO
Comisión Especial de Contas	ANTONIO TORRÓN CASAL



2. Se por calquera causa non poden asistir ás sesións das Comisións Informativas as/os anteriormente designadas/os, asistirán ás mesmas a/o funcionaria/o do respectivo Servizo que aquela/el designe.

Da presente Resolución darase conta ás/ós interesadas/os, ó Pleno na primeira sesión que celebre, e, así mesmo, publicarase na páxina web corporativa, sen prexuízo da súa efectividade dende o día de hoxe.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe

